

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2025/2026

Normativa reguladora máis relevante: [RD 822/2021](#) polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo [RD 861/2010](#); [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e acordo do Consello de Goberno do 25 de setembro de 2023.

Denominación do título de MÁSTER proposto	Máster Universitario en Incendios Forestales. Ciencia y Gestión Integral por la Universidad de León; la Universidad de Lleida; la Universitat Politècnica de València y la Universidade de Vigo. MASTERFUEGO (por modificación del Máster Universitario en Incendios Forestales. Ciencia y Gestión Integral por la Universidad de León; la Universidad de Lleida y la Universitat Politècnica de València RUCT: 4317946)
Centro de impartición na UVIGO	Escola Enxeñaría Forestal (Campus de Pontevedra)
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	16 Outubro 2023
Persoa de contacto no centro	Nome: Juan Picos Martín
	Email: jpicos@uvigo.gal
	Teléfono: 629769204
É a proposta un título de Máster ligado a competencias profesionais reguladas?	<input checked="" type="checkbox"/> Non (aínda que os alumnos que cursen determinadas materias do Plan de Mestrado proposto cumpran os estándares formativos para diferentes postos técnicos de dispositivos de emerxencia en incendios forestais que a nivel estatal o Comité de Loita contra Incendios Forestais (CLIF) e, polo tanto, realizan que se pode considerar que teñen un determinado carácter habilitante)
	<input type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada:
Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si Indicar cales: Ver Anexo I ao Final do Formulario
Cumpre os requisitos específicos para títulos de máster recollidos no artigo 5 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si. Indicar cales: Ver Anexo II ao Final do Formulario
É unha proposta de carácter interuniversitario?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si, indicar universidades participantes, con indicación expresa da universidade coordinadora: <ul style="list-style-type: none"> • Universitat de Lleida (coordinadora) • Universidad de León • Universitat Politècnica de València • Universidade de Vigo
Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación)	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente (área de Enxeñaría Agroforestal)
Incluír unha proposta de composición da comisión redactora da memoria (indicar expresamente os membros da comisión)	A comisión redactora da nova memoria estará composta pola actual comisión académica do máster coa incorporación do profesor Juan Picos por parte da

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2025/2026

	<p>Universidade de Vigo. Deste xeito, a composición nominal de la comisión sería:</p> <ul style="list-style-type: none">• Luz Valbuena (Universidad de León)• Fernando Castedo Dorado (Universidad de León)• Domingo Molina Terrén (Universitat de Lleida),• Jesus Pemán García (Universitat de Lleida)• José Vicente Oliver (Universitat Politècnica de València)• Eduardo Rojas Briales (Universitat Politècnica de València)• Juan Picos (Universidade de Vigo)
<p>Incluír unha breve aínda que precisa descrición da necesidade, interese e obxectivos do máster e a súa adecuación aos requisitos que figuran artigo 4 do Decreto 222/2011</p>	<p>O obxectivo do título proposto consiste en formar especialistas que sexan capaces de:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Analizar, interpretar e modelar o risco e o comportamento dos incendios forestais, así como o seu efecto sobre o ecosistema, mediante o uso de técnicas innovadoras de análise xeoespacial co obxectivo de:<ol style="list-style-type: none">i. Estimar o risco de incendios e zonas de alta vulnerabilidade para deseñar as accións de prevención máis adecuadas.ii. Deseñar as estratexias e tácticas e utilizar as técnicas e medios necesarios para o seu control.iii. Interpretar os efectos do lume sobre os distintos elementos do ecosistema segundo a súa gravidade e elaborar plans de actuación sobre as superficies afectadas polos incendios forestais.2. Xestionar de xeito integral a emerxencia por incendios forestais a nivel estratéxico, táctico e operativo, priorizando a seguridade dos medios implicados.3. Estar acreditado nas normas establecidas para os distintos postos técnicos da organización de emerxencias contra incendios forestais. <p>A proposta supón a incorporación de Universidade de Vigo ao actual máster interuniversitario Máster Universitario en Incendios Forestales. Ciencia y Gestión Integral por la Universidad de León; la Universidad de Lleida y la Universitat Politècnica de València RUCT: 4317946.</p> <p>Actualmente a Universidade de Vigo ten o status de colaboradora xa que aporta a colaboración puntual de algún dos docentes e colabora na organización de visitas de prácticas do máster en Galicia.</p> <p>O máster que ven impartíndose dende o curso 2012-13, aínda que con diferentes modificacións e melloras, é o título de referencia a nivel do Estado e Sur de Europa ao respecto dos Incendios Forestais. Considerando o interese que para Galicia supón a formación nesta materia a incorporación da Universidade de Vigo no máster supón una oportunidade de cubrira unha demanda recurrentemente expresada por parte de diferentes organismos y entidades relacionadas cos incendios forestais.</p>

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de Máster que se pretendan implantar no curso 2025/2026 é o **24 de novembro de 2023**.
- Enviar a verifica@uvigo.es

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2025/2026

ANEXO I - Cumprimento do Artigo 4 do Decreto 222/2011

O artigo 4 do Decreto 222/2011 indoca como requisitos os seguintes:

Deberán ter en conta a estrutura económica da Comunidade Autónoma, as necesidades do seu mercado laboral e a existencia dunha demanda real por parte da sociedade e dos/as estudantes, procurando a incorporación de perfís profesionais de futuro e vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia.

Os postos de traballo que poderán desempeñar os futuros titulados do máster son, entre outros: técnico de planificación en tarefas de prevención e restauración, redactor de proxectos, analista, director de extinción, xefe de sector operativo, xefes de seccións de planificación e operacións e loxística e outros postos técnicos. do SMEIF (Sistema de Xestión de Emerxencias contra Incendios Forestais), técnico de operacións aéreas, coordinador de medios tanto aéreos como terrestres, director de obra para a execución de obras de prevención e restauración, investigador, técnicos de emerxencias e protección civil, entre outros.

Estes postos veéne sendo recurrentemente demandados polos operativos e empresas asociadas aos Incendios Forestais e as súas función veñen recollidas no *Anteprojecto de lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia* acualmente en tramitación.

Deberán ter un carácter esencial ou estratéxico para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do Sistema Universitario de Galicia.

O PLAN ESTRAEXICO DE GALICIA 2021-2030 inclúe entre os retos e necesidades de Galicia aspectos directamente relacionados cos estudos de mestrado propostos como:

- Protección e prevención de Espazos Naturais Protexidos
- Loitar contra o cambio climático e sustentabilidade para manter a actividade no sector agrogandeiro, forestal e pesqueiro ante os efectos adversos deste fenómeno.
- Protección dos ecosistemas ante incendios forestais.

Deberán acreditar a súa viabilidade económica, atendendo aos recursos dispoñibles.

A impartición do mestrado proposto no implica investimentos en infraestrutura na Universidade de Vigo e pode ser impartido polo persoal docente e investigador actualmente adscrito á mesma.

Deberá fomentarse o espírito emprendedor e o autoemprego.

O máster actualmente en impartición dende o seu comezo propiciou a creación de diversas empresas tecnolóxicas e de servizos asociadas á loita integral contra os incendios forestais. A incorporación da Universidade de Vigo apoiará aun máis estas posibilidades. Asemade incorpora entre as súas competencias "*Plantear solucións innovadoras, creativas y emprendedoras en situacións propias del ámbito Profesional*"

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2025/2026

Deberán terse en conta cuestións de oportunidade, innovación docente e investigadora así como a súa incardinación en redes internacionais de calidade e coherencia cos plans estratéxicos das universidades.

O carácter interuniversitario do mestrado reúne tamén a algúns dos mellores expertos do sur de Europa na materia, o que lles permite promover a investigación e a pertenza a redes de excelencia internacional no ámbito dos incendios forestais. A Universidade de Vigo aporta aínda máis experiencia con especial atención ao Noroeste Ibérico. Ademais, esta proposta incide directamente nos obxectivos previstos no Plan Estratéxico da UVIGO, en particular nos números 1, 2, 4, 5, 6, 7, 18 e 19.

Deberán incluír unha descrición dos mecanismos que permitan, de ser o caso, unha revisión da titulación de se produciren cambios significativos na demanda por parte da sociedade, dos/as estudantes e do ámbito económico e profesional.

O mestrado proposto é a evolución do actualmente e impartido por tres universidades (Verificado con SGC aprobado) que á súa vez é evolución doutro impartido dende o curso 2012-2013. O máster veu, polo tanto, amosando a existencia de mecanismos de mellora continua e evolución en resposta á demanda por parte da sociedade, dos/as estudantes e do ámbito económico e profesional.

Non poderán coincidir con obxectivos e contidos doutros títulos oficiais existentes na mesma universidade, a fin evitar a multiplicidade de títulos.

Non coincide con obxectivos e contidos doutros títulos oficiais existentes na mesma universidade.

Deberán xustificar o encadramento da proposta dentro da oferta global galega, a fin de garantir o equilibrio nos diferentes campus, e potenciar a súa singularidade dentro do Sistema Universitario de Galicia.

A oferta é perfectamente complementaria a algunhas titulacións actualmente existentes no sistema universitario de Galicia permitindo que, particularmente en el caso dos Graos de Enxeñaría Forestal e Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural e a Enxeñaría de Montes o desenvolvemento profesional con especialización nun ámbito moi demandado tanto polos egresados como polos empregadores. A demostración máis palpábel da complementariedade coas titulacións que dan acceso a profesións reguladas forestais é que no caso das tres universidades que actualmente o imparten contan na súa oferta tamén coas devanditas titulacións.

Adicionalmente este mestrado permite previa aprobación da súa Comisión Académica ingreso doutros perfís distintos dos procedentes do Grao en Enxeñaría Forestal e por tanto ten potencial para engadir valor complementarios a outras titulacións como Ciencias Ambientais, Bioloxía, Enxeñeiro Agrónomo, Xeografía ...)

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2025/2026

ANEXO II - Cumprimento do Artigo 5 do Decreto 222/2011

Segundo o artigo 5 do Decreto 222/2011, os másters universitarios deberán cumprir a lo menos tres das seguintes condicións:

1. ser interuniversitarios

O mestrado proposto é interuniversitario entre Universidad de León; la Universidad de Lleida; la Universitat Politècnica de València y la Universidade de Vigo por incorporación de la Universidade de Vigo ao actual Máster Universitario en Incendios Forestales. Ciencia y Gestión Integral por la Universidad de León; la Universidad de Lleida y la Universitat Politècnica de València RUCT: 4317946)

2. outorgar competencias profesionais;

Malia o titulo non dar acceso a unha profesion regulada, o deseño do mesmo permite que os alumnos que cursen determinadas materias do Plan de Mestrado proposto cumplan os estándares formativos para diferentes postos técnicos de dispositivos de emerxencia en incendios forestais que a nivel estatal o Comité de Loita contra Incendios Forestais (CLIF) e, polo tanto, se pode considerar que teñen un determinado carácter habilitante

3. ter unha orientación laboral ou práctica;

O obxectivo do título proposto consiste en formar especialistas que sexan capaces de:

1. Analizar, interpretar e modelar o risco e o comportamento dos incendios forestais, así como o seu efecto sobre o ecosistema, mediante o uso de técnicas innovadoras de análise xeoespacial co obxectivo de:
 - i. Estimar o risco de incendios e zonas de alta vulnerabilidade para deseñar as accións de prevención máis adecuadas.
 - ii. Deseñar as estratexias e tácticas e utilizar as técnicas e medios necesarios para o seu control.
 - iii. Interpretar os efectos do lume sobre os distintos elementos do ecosistema segundo a súa gravidade e elaborar plans de actuación sobre as superficies afectadas polos incendios forestais.
2. Xestionar de xeito integral a emerxencia por incendios forestais a nivel estratéxico, táctico e operativo, priorizando a seguridade dos medios implicados.
3. Estar acreditado nas normas establecidas para os distintos postos técnicos da organización de emerxencias contra incendios forestais.

4. xustificar o apoio e colaboración de empresas e institucións do ámbito socioeconómico;

O mestrado conta actualmente con apoio e colaboración de numerosas empresas e institucións (tanto para a realización de practicas (ver seguinte apartado) como para colaboración en actividades docentes e de investigación, entre elas a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.

5. ter garantidas as prácticas do estudantado, no caso de estar establecidas na memoria da titulación;

As practicas son unha actividade obrigatoria, cunha carga docente de 10,5 ECTS. Suporá unha estancia de 228 horas (6 semanas) nunha empresa ou institución, pública ou privado, coñecendo, aplicando e desenvolvendo algunhas das tarefas técnicas incluídas no programa formación que se desenvolve a partir da materia.

As institucións coas que actualmente se asinan convenios de colaboración son moi

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2025/2026

numerosas:

1) Institucións Nacionais

Ministerio para la Transición Ecológica y Reto Demográfico. SDG de Política Forestal, Centro de Ciencia y Tecnología Forestal de Cataluña, Diputación Barcelona, Generalitat de Catalunya (DG Emergencies. Bombers), Gobierno de Aragón. (DG de Gestión Forestal), Gobierno de Cantabria., Gobierno de Cantabria. Administración Forestal, Gobierno de la Diputación Foral de Navarra (Bomberos), Gobierno de Illes Balears (Consejería de Medio Ambiente y Servicio Protección Civil 112), Gobierno de las Islas Canarias (Consejería de Medio Ambiente), Gobierno de la Región de Murcia (Consejería de Medio Ambiente), Junta de Andalucía (Consejería de Medio Ambiente)., Junta Castilla y León. Incendios Forestales., Máster en Incendios Forestales. Ciencia y gestión Integral, v2.0 Página 37 de 112, Xunta de Galicia - Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) - Centro de Invest. Forestales de Lourizán, Generalitat Valenciana. Conselleria de Justicia, Interior y Administración Pública. AVSRE -, Agencia Valenciana de Seguridad y Respuesta a las Emergencias, Generalitat Valenciana. Conselleria de Agricultura, Desarrollo Rural, Emergencia Climática y, Transición Ecológica. DG de Prevención de Incendios Forestales, Diputación de Valencia, Diputación de Castellón, Diputación de Alicante, Deputación de Pontevedra, Deputación de Ourense, Asociación de Municipios Forestales de la Comunitat Valenciana (AMUFOR), Grupo TRAGSA, Sociedad Valenciana de Gestión Integral de los Servicios de Emergencias de la Generalitat, Valenciana - (SGISE), Empresa Pública Medioambiental de la Generalitat Valenciana (VAERSA), Empresa Pública Forestal de la Diputación de Valencia (DIVALTERRA), Empresa pública medioambiental de la Junta de Castilla La Mancha (GEACAM), Empresa pública medioambiental del Gobierno de Aragón (SARGA), Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA), Fundación CESEFOR (Fundación Centro de Servicios y Promoción Forestal y de su Industria de, Castilla y León), Empresas privadas, Agresta, ANCAR, BABCOCK, ETRA I+D, LEVANFOR, Medi XXI, PLYSA Air Nostrum, PYRO Fire Extinction, Tecnosylva (León), UAW Works, VIELCA, Energía y Celulosa (ENCE) S.A., Grupo FINSA, FORA, AGRESTA

2) Institucións internacionais

Consejo Nacional de Investigación de Italia - IBE de Cerdeña, Cuerpo Forestale y Vigilancia Ambientale (CFVA Cerdeña), Corporación Nacional Forestal (Chile), Administración Forestal del Land Sajonia-Anhalt (Alemania), Administración Forestal del Land Turingia (Alemania)

6. cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral;

O mestrado actualmente impartido, ao que se solicita se incorpore e UVIGO, ten empregabilidade maior ao 92% en 2023, o que amosa obxectivamente a demanda deste tipo de egresados. Dende as suas primeira edicions no master se teñen matriculado máis de 250 persoas.

Segundo o mesmo artigo a conexión entre grao e máster universitario deberá ser adecuadamente planificada de maneira que a especialización de posgrao teña unha relación directa cos estudos de grao completados previamente polo alumno.

As titulacións que permiten o acceso directo ao mestrado proposto son as seguintes: Enxeñeiro Técnico Forestal, especialidade en Explotacións Forestais, Enxeñeiro Técnico Forestal, especialidade de Industrias Forestais, e todos os títulos de Grao vixentes que habiliten para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Forestal. Así mesmo, terán acceso directo todos aqueles que teñan o título de Enxeñeiro Forestal ou Máster en Enxeñería Forestal. A demostración máis palpábel da integración e complementariedade coas titulacións que dan acceso a profesións reguladas forestais é que no caso das tres universidades que actualmente o imparten (UNILEON, IPV, UdLI) contan na súa oferta tamén coas devanditas titulacións.

Adicionalmente este mestrado permite previa aprobación da súa Comisión Académica ingreso doutros perfís distintos dos procedentes do Grao en Enxeñaría Forestal e por tanto ten potencial para engadir valor complementarios a outras titulacións como Ciencias Ambientais, Bioloxía, Enxeñeiro Agrónomo, Xeografía ...)